



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

D^a Carmen Gómez Otero, Secretaria- Interventora do Concello de Frades (A Coruña),

CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado mércores 8 de novembro de 2017 acordou por unanimidade adoptar entre outros o seguinte acordo:

“PROPOSTA ALCALDÍA Á XGL

8.- ASUNTO: ADXUDICACIÓN DEFINITIVA CONTRATO DE OBRAS CO 3.2017 <<POS+ 2017 CAMIÑO QUINTÁN A VILA (ABELLÁ) E OUTROS>>.-

O Alcalde- Presidente da lectura á proposta da Alcaldía- Presidencia co teor literal seguinte:

<<Vista a necesidade deste Concello de realizar as obras do POS +2017, unha vez comunicada a Resolución da Deputación Provincial de A Coruña pola que se declara aprobado o Plan único dos Concellos POS+2017. (Rex. Entrada 799.2017) e despois de ver o proxecto de obra denominado “Camiño Quintán a Vila (Abellá) e outros”, de data febreiro de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Julio C. Rojo Martínez, colexiado nº 3871, aprobado por acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión plenaria extraordinaria de data 21 de febreiro de 2017.

Visto que este Concello non conta con medios materiais nin persoais para acometer esta obra. Dada a característica do contrato, decidiuse pola Alcaldía que o procedemento máis axeitado era o procedemento negociado con publicidade no perfil.

Visto que por Resolución de Alcaldía de data 20-7-2017, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 20-7-2017 emitiuse Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data 20-7-2017 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 20-7-2017, redactouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e incorporáronse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 20-7-2017 realizouse polo Interventor a retención de crédito oportuna.

*Visto que mediante Resolución da Alcaldía nº 186/2017 de data 21 de xullo de 2017 foi aprobado o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación da obra denominada **“POS+ 2017 CAMIÑO QUINTÁN A VILA (ABELLÁ) E OUTROS” EXPTE CO 3.2017**, por procedemento negociado con publicidade no perfil e tramitación ordinaria e procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 1532 619 (Proxecto de gasto 2017-2-VILA-9).*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Visto que con data 3 de agosto de 2017 certificáronse as ofertas que constan no expediente, e con data 11 de setembro de 2017 certificáronse as ofertas presentadas na fase de negociación.

Visto que con data 19 de outubro de 2017 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e analizados os informes emitidos pola Secretaría municipal (Ref CF-122.2017) sobre a normativa aplicable, e polo Asesor xurídico do Concello que contén un pronunciamento xurídico establecendo que o licitador Construcciones Alejandro Martínez e hijos S.L. sexa valorado con cero puntos no apartado redución de prazos por considerar refugada a súa proposición en relación a ese criterio, propuxo por maioría dos membros da Mesa de Contratación coa abstención da Secretaría- Interventora, a adxudicación provisional motivada a favor de CANARGA CONSTRUCCIONES S.L.

Visto que por decreto da alcaldía se requiriu ao licitador que presento a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentase a documentación xustificativa establecida no artigo 16 do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, así como xustificación da constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Visto que con data 25.10.2017 o candidato CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. constituíu garantía definitiva por importe de 3.264,46 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos por rexistro de entrada nº 1299.2017 de data 31.10.2017.

Logo de ver o Informe de Intervención de Fiscalización (FASE D), Ref CF-131.2017.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa CANARGA CONSTRUCCIONES S.L (B15360902), o contrato de obras **“POS+ 2017 CAMIÑO QUINTÁN A VILA (ABELLÁ) E OUTROS” EXPTE CO 3.2017**, por procedemento negociado con publicidade no perfil, aprobado por Resolución de Alcaldía nº 186.2017, de data 21 de xullo de 2017, por importe de por importe de 65.289,26 euros (IVE excluído), 13.710,74 euros de IVE, e 79.000,00 euros (IVE 21% engadido).

SEGUNDO. Dispor o gasto por importe de 79.000,00 con cargo á partida 2017_1532. 619- Proxecto de gasto: 2017-2-VILA-9, do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a CANARGA CONSTRUCCIONES S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato que terá lugar en Frades, o día 10 de novembro do ano en curso ás 12:00 horas.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato de contrato de obras **“POS+ 2017 CAMIÑO QUINTÁN A VILA (ABELLÁ) E OUTROS” EXPTE CO 3.2017** no Perfil de contratante, [e



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña no prazo de corenta e oito días a contar desde a data da presente Resolución].

SEXTO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde [ou Estudo Básico de Seguridade] do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde [ou Director Facultativo das Obras] e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de reformulo e inicio da obra.

SÉTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

OITAVO. Remitir ao [Tribunal de Contas/ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma] unha copia certificada do documento mediante o que se formalicei o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.>>

Tralas deliberacións correspondentes e unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos, e
NOVENO. Designar ao enxeñeiro de camiños Don Julio C. Rojo Martínez, Colexiado nº 3871, Director das Obras correspondentes ao contrato de obras **“POS+ 2017 CAMIÑO QUINTÁN A VILA (ABELLÁ) E OUTROS” EXPTE CO 3.2017**, e notificarlle o contido deste acordo ao director das obras e ao contratista.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente en Frades, a , luns 13 de novembro de 2017.

O Alcalde,
Roberto Rey Martínez

A Secretaria
Carmen Gómez Otero